



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

SEC 2017-6	CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO
EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-BAR AREA RECREATIVA VILARIÑO DE CONSO	

Vilariño de Conso, a 29 de Xuño de 2017

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO SOBRE “A” DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO- BAR DA ÁREA RECREATIVA DE VILARIÑO DE CONSO

Na sala de Xuntas do Concello de Vilariño de Conso, sendo as 9,00 horas do día 29 de xuño de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, integrada polo Sr. Alcalde, don Ventura Sierra Vázquez, como presidente da mesa; dona Ana María Loureiro Silva, secretaria- interventora do Concello de Vilariño de Conso, dona Melisa Macía Domínguez, tenente de Alcalde, dona M. Esther Alonso García, concelleira, dona M. Mercedes Manso Fernández, AEDL como vogais, e dona Marina Feijoo como secretaria da mesa, co obxecto de proceder á apertura da documentación administrativa “sobre núm. 1” do procedemento aberto para a explotación do quiosco- bar da área recreativa de Vilariño de Conso, convocado segundo Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2017, anuncio no BOP núm. 139 de 19 de xuño de 2017, e web municipal www.vilarinodeconso.es, co seguinte resultado:

En primeiro termo, a secretaria da mesa, da conta a esta de que se presentaron dúas ofertas:

- Manuela González Losada en representación de FOLIADA C.B.
- Berto Fernández Docampo en representación de MANTESIL, S.L.U.

Examinada a documentación administrativa presentada, e á vista de que contéñen consorte co disposto no artigo 146 do TRLCSP, a declaración xurada conforme ao modelo do prego de cláusulas administrativas, a mesa acorda por unanimidade admitir á licitación ós dous aspirantes presentados. Dáse por rematado o o acto ás 9,13 horas sen máis asuntos que tratar e no lugar e data indicado no encabezamento.

O PRESIDENTE

D. Ventura Sierra Vázquez

A SECRETARIA DA MESA

D^a. Marina Feijoo Fernández